



## BASES 2024

- 1- Poderán participar bandas ou solistas de entre 12 e 18 anos, cumpridos na data de peche da inscrición. Aceptaranse bandas con integrantes menores de 12 anos, sempre que sexan menos da metade da formación.
- 2- Presentarán unha canción escrita en lingua galega, que terá que ser unha composición propia, ou a musicalización propia dun poema galego, inédita e non premiada anteriormente noutro certame.
- 3- Calquera canción que, a xuízo do xurado, inclúa elementos xenófobos ou discriminatorios será eliminada do certame.
- 4- Nunha primeira fase de selección, as persoas ou grupos participantes remitirán a ficha de inscrición debidamente cumprimentada e acompañada das autorizacións asinadas e copias do DNI de todas as persoas integrantes, así como unha maqueta da canción en mp3 ou en vídeo a [gazafellosdoval@gmail.com](mailto:gazafellosdoval@gmail.com) , antes do día 3 de novembro.
- 5- O xurado elixirá, como máximo, 5 bandas ou solistas, que pasarán á fase final en directo.
- 6- Na fase final, que se celebrará en Negreira o día 30 de novembro, as bandas e solistas finalistas interpretarán a canción seleccionada ao vivo. Poderán utilizarse ritmos pregravados, se a canción así o require, mais a interpretación das voces principais terá que ser en directo. Tamén poderán utilizar loopers interpretados en directo.
- 7- A organización proveerá o equipo de son necesario e persoal técnico de son para os grupos ou solistas participantes na fase final.
- 8- O xurado elixirá un gañador ou gañadora, que recibirá os seguintes premios:
  - A gravación nun estudio profesional do tema finalista (ou outro da súa elección, sempre que sexa en galego).
  - A gravación dun videoclip da canción que sexa rexistrada no estudio. O videoclip gravarase en zonas emblemáticas de Negreira.
- 9- Calquera circunstancia non contemplada nas bases será resolta segundo o criterio do xurado.